

COMPROMISO POLO QUE SE ASUME COMO PROPIO O PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO, DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

O 19 de maio de 2023, o Consello do Goberno de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia (PXMA), que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O 18 de setembro de 2024 foi aprobado o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o 21 de outubro de 2024 aprobouse a primeira addenda ao devandito plan.

O Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, modificado polo Decreto 142/2024, do 20 de maio dispón no artigo 12 que a Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo estrutúrase na Dirección Xeral de Urbanismo e na Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación. Polo tanto, da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo depende directamente a Dirección Xeral de Urbanismo.



Así mesmo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, consonte o artigo 3 do devandito decreto quedan adscritos á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.

En consecuencia, tendo en conta a dependencia da Dirección Xeral de Urbanismo da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, e a adscrición do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e da Axencia de Protección da Legalidade a esta secretaría xeral, este centro directivo asume como propios os plans específicos da Dirección Xeral de Urbanismo, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, aprobados e incorporados ao Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas o 18 de setembro de 2024.

Neste senso, a implantación do PXMA implica que as persoas que ocupan os altos cargos da administración autonómica asuman como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade, senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

En base a isto, a Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, adscrita á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume e comparte o compromiso institucional coa integridade institucional, no entendemento de que se trata dun compromiso que vai máis alá do simple cumprimento da normas xurídicas ao referirse ás normas, aos principios éticos e morais e aos



valores de integridade, honestidade e obxectividade que deben presidir a súa actuación.

No marco deste compromiso coa integridade institucional, este centro directivo adhírese ás medidas postas en marcha na Xunta de Galicia consistentes nun completo programa de medidas de reforzo do marco da integridade institucional que implica tamén a implantación na organización dunha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, o impulso dos mecanismos que a fagan efectiva, con especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade, e que se concretan na elaboración do seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Deste xeito, promóvese a asunción e a consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da súa organización, en todos os niveis, mediante a formación específica, configurada como unha ferramenta clave para a sensibilización en integridade e comportamento ético na organización, pero tamén mediante a difusión e o fomento desta cultura cara a cidadanía, abordando así este compromiso desde unha perspectiva global e íntegra.

Sobre a base das anteriores manifestacións, este centro directivo asume unha política de tolerancia cero fronte a fraude, co conseguinte compromiso de asumir os estándares máis altos no cumprimento dos principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, así como de establecer os mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.

En particular, na miña condición de persoa que ocupa un alto cargo na organización manifesto tamén o meu compromiso cos principios recollidos no Código Ético Institucional de respectar a Constitución, o Estatuto de



Autonomía e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico, así como de que prevaleza a satisfacción do interese xeral como obxectivo da miña actuación; respectar os dereitos fundamentais e as liberdades públicas; defender a dignidade, a imaxe e o prestixio da Administración autonómica; realizar con lealdade, integridade e imparcialidade, obxectividade e coa dilixencia debida as misións e obrigas que teño encomendadas; suxeitarme aos principios de eficacia, economía, eficiencia, optimización e control do gasto no uso e manexo dos recursos públicos; observar a transparencia na xestión dos asuntos públicos e respectar o resto das pautas básicas de actuación desenvolvidas no devandito código.

Así, de acordo con todo o anterior, PROPOÑO:

Que este compromiso, acompañado dos plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Dirección Xeral de Urbanismo, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e da Axencia de Protección da Legalidade, se incorpore ao plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da consellería de adscrición, como plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.

Heriberto García Porto

Secretario xeral de Vivenda e Urbanismo

(asinado dixitalmente á marxe do documento)

